

TOC-TOC

Chamaron á porta. Non eran horas de visita, e Xerardo abriu de mala gana, co fociño contraído, resoprando, como cando se presente en casa, o domingo pola mañá, unha testemuña de Xehová. Axiña modificaría a actitude. O visitante non estaba alí para vender nada. Nin para predicar. Nin para facerlle perder o tempo. Non. O visitante, que se identificou coma o seu asasino, estaba alí para matalo, eliminar as probas, e marchar provocando as mínimas molestias. Xerardo desentumeceu de socato. Vaia foda. Se con algo non contaba era cunha visita daquela clase. Mañá tiña un bautizo. A tentación de fechar a porta, e facer como que non lle interesaba a conversación, sacóuselle da idea. Aquel home, que actuaba coa afabilidade e rigor do que vende enciclopedias, e non tanto coa frialdade dun asasino a soldo, impresionou a Xerardo, que se sentiu obrigado a ser cortés e invitou a pasar ao criminal. Un refrixerio? Non, di o homicida, que rectifica e pregunta se hai tónica na neveira. Hai. Entón tomará unha tónica con limón e, por favor, dúas pingas de xenebra. Xerardo, mentres serve a bebida, pregunta se o asasino está de paso, é dicir, se chamou á súa porta para matalo, aproveitando que ten que acabar con outros catro xerifaltes, por dar unha cifra, algunhas rúas máis arriba, ou se viaxou especificamente ata aquí para ocuparse do seu caso. O asasino, di, está de paso, non porque despois de matar a Xerardo teña que acabar con alguén máis, senón porque despois de liquidalo ten que recoller á filla no colexio, preto de aquí.

Xerardo, que é unha persoa extremadamente educada, comenta, mentres ofrece algo de comer ao asasino, que non hai traballos doados. Nin o do visitante, que consiste en matar, nin o do anfitrión, que é funcionario de correos. Non é? É. A bebida e os pinchos relaxan o ambiente, ata o punto que vítima e homicida esquecen o motivo que cruzou as súas vidas, e falan das cuestións máis convencionais: a vida no barrio, a familia, as lecturas, algunha viaxe, a crispación. As horas pasan voando. Faise noite. O asasino, co quinto gintonic acabado, mira o reloxo, sorpréndese e comenta que, se cadra, é hora de ir facendo algo.